



XESÚS FRAGA

Xoves 12 de novembro, 20:00h.
Fundación Luis Seoane

Xesús Fraga naceu no barrio londinense de South Kensington, pero axiña se trasladou coa súa familia á Coruña, e posteriormente a Betanzos. Licenciado en Xornalismo pola Universidade de Salamanca, traballou como redactor no xornal La Voz de Galicia. Entre as súas obras destacan títulos como **O elefante Branco. A-Z** ou **Solimán**. Unha das súas afeccións é a cociña, sobre a que publicou **50 receitas con amoras e outros froitos silvestres**. Como tradutor verteu ao galego autores como Vladimir Nabokov ou Julian Barnes.

VIRTUDES (E MISTERIOS) (Galaxia, 2020)

Premio Blanco Amor 2019

En 1955, un zapateiro remendón, seducido polos cantos de serea que chegan de Venezuela, cruza o Atlántico coa ilusión de regresar transformado nun adifeirado indiano. Pero, tras varios anos, non só non envía o diñeiro prometido á súa casa, senón que el mesmo desaparece, o que obriga á súa muller a emprender a súa propia emigración, aínda que na dirección oposta, cara a Inglaterra. Aquelas omisións e decisións acabaron por marcar as súas vidas e as de dúas xeracións máis dunha familia. Xesús Fraga, neto dese malogrado matrimonio de emigrantes, reconstrúe as súas azarosas vidas e a convivencia coa soidade, o desarraigamento e a desazón das preguntas sen resposta. Unha viaxe íntima pola segunda metade do século XX que transita da vida rural galega ás grandes megalópolis americanas, con escalas que se estenden cara a Londres e Caracas, Bos Aires e a República Dominicana ou Etiopía. Mestura de diversos xéneros como a novela, a crónica ou o diario, **Virtudes (e misterios)** ofrece un fresco vital que conmove e emociona, sen por iso renunciar ao humor, propoñendo unha visión orixinal e inédita da emigración.



Somos o que
LEMOS
Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Entrada gratuíta. Aforo limitado, previa reserva no teléfono 981 216 015